

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Corrección de erros_Aprobación da listaxe definitiva persoas admitidas e excluídas, o nomeamento e a data de constitución do tribunal cualificador _ Axente de Emprego e Desenvolvemento Local (C36)

ANTECEDENTES

O día 04/11/2024, mediante a Resolución da Alcaldía núm. 1009/2024, resolvín aprobar as listaxes definitivas de persoas aspirantes admitidas e excluídas, o nomeamento do tribunal cualificador e o establecemento da primeira sesión, constitutiva, do tribunal cualificador encargado deste proceso de selección.

Obsérvase un erro no punto CUARTO da dita resolución que di:

"CUARTO

Establecer a celebración da primeira sesión, constitutiva, do tribunal cualificador encargado do proceso de selección no proceso de estabilización da Lei 20/2021 para unha praza de axente de emprego e desenvolvemento local o día 20 de novembro de 2024 ás 10:30 horas na Casa do Concello."

E, no canto do indicado, debía dicir:

"CUARTO

Establecer a celebración da primeira sesión, constitutiva, do tribunal cualificador encargado do proceso de selección no proceso de estabilización da Lei 20/2021 para unha praza de axente de emprego e desenvolvemento local o día 20 de novembro de 2024 ás 09:00 horas na Casa do Concello."

FUNDAMENTACIÓN

O artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas indica que "Las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos."

De acordo co indicado, e no uso das atribucións dispostas no artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

PRIMEIRO

Corrixir a Resolución da Alcaldía núm. 1009/2024, de 04/11/2024, como se indica:

Onde di:

“CUARTO

Establecer a celebración da primeira sesión, constitutiva, do tribunal cualificador encargado do proceso de selección no proceso de estabilización da Lei 20/2021 para unha praza de axente de emprego e desenvolvemento local o día 20 de novembro de 2024 ás 10:30 horas na Casa do Concello.”

Debe dicir:

“CUARTO

Establecer a celebración da primeira sesión, constitutiva, do tribunal cualificador encargado do proceso de selección no proceso de estabilización da Lei 20/2021 para unha praza de axente de emprego e desenvolvemento local o día 20 de novembro de 2024 ás 09:00 horas na Casa do Concello.”

SEGUNDO

Notificar aos membros do tribunal cualificador, titulares e suplentes, a presente resolución.

TERCEIRO

Publicar a presente resolución no BOP da Coruña e no taboleiro de anuncios, físico e electrónico, do Concello de Rianxo.

Asinado en Rianxo por medios electrónicos pola Alcaldía do que a Secretaría, para os únicos efectos de fe pública, da fe (RD 128/2018, do 16 de marzo).